



Concello de Gondomar

BASES CAMPAMENTO URBANO GONDOVERÁN 2025

Gondoverán é un programa de lecer e tempo libre preferentemente para fillos e fillas de familias traballadoras, co obxectivo de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral durante o mes de xullo, ao tempo que se potencia o desenvolvemento integral do neno/a a través dunha programación que combina o xogo con actividades creativas, culturais e coñecemento do entorno próximo, dende unha pedagogía do lecer baseada na educación en igualdade e hábitos saudables, xestionado pola Concellería de Igualdade a través do Centro de Información á Muller.

Todas as actividades contempladas prestaraas un equipo técnico especializado en animación sociocultural, actividades de tempo libre e igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

O Concello de Gondomar adoptará todas as medidas pertinentes para asegurar unha participación en igualdade de condicións no acceso a Gondoverán e ás actividades programadas.

1.- OBXECTO

Gondoverán ten por obxecto facilitar a conciliación da vida familiar e laboral de familias traballadoras do Concello de Gondomar, a través dun programa de actividades socioculturais, de tempo libre e de educación en igualdade.

2.- PERSOAS DESTINATARIAS

Preferentemente 110 Rapaces e rapazas que teñan o seu empadramento no Concello de Gondomar (será comprobado polo Padrón municipal) nados entre os anos 2012 (non poderán facer 13 anos antes da finalización do campamento) e 2022 (deberán ter feitos 3 anos ao inicio do

DECRETO
Número: 2025-0522 Data: 08/04/2025

Cod. Validación: 35SMCWAPTK3X6NZ0FGCGMGDFA7
Corrección: <https://concellodegondomar.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 24

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

campamento) e cuxos proxenitores ou representantes legais sexan persoas traballadora en activo (por conta allea ou propia).

3.- LUGAR DE REALIZACIÓN, DATAS E HORARIOS

Gondoverán levarase a cabo durante todo o mes de xullo e terá como sede un Centro Educativo de Gondomar.

Será obrigatorio asistir ao campamento todo o mes de xullo, non haberá posibilidade de elección de días, semanas ou quincenas. En caso de non asistir todo o mes de xullo, sen causa debidamente xustificada, será motivo de expulsión.

O seu horario de funcionamento será de 9.00 a 14.00 horas con posibilidade de incorporación de 8.00 a 9.00 horas e de saída de 14.00 a 15.00 horas segundo necesidades particulares.

4.- INSCRICIÓNS

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Gondomar de luns a venres de 9 a 14h ou a través da sede electrónica dende as 0:00h do día en que se abre o prazo ata as 23:59h do día en que acaba o prazo.

5.- PREZO

O prezo será de 125€ por participante todo o mes de xullo.

6.- SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

Unha vez rematado o prazo de presentación de inscricións, adxudicaranse as prazas segundo o seguinte baremo, no caso de existir maior demanda que oferta:

DECRETO
Número: 2025-0522 Data: 08/04/2025

Cod. Validación: 3SMCWA7K3X6NZQF6CGM6DFA7
Corrección: <https://sedelectronica.gondomar.es/sedelectronica.galv>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico | Páxina 15 a 24

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

6.1.- Situación laboral

- Familia con dúas persoas proxenitoras ou representantes legais en activo: 10 puntos.
- Familia onde só unha persoa proxenitora ou representante legal estea en situación laboral activa: 5 puntos.
- Familia monoparental en situación laboral activa: 15 puntos.

6.2.- Situación sociofamiliar

- Familias monoparentais: 2 puntos.
- Familias numerosas: 2 puntos.
- Menores pertencentes a familias de especial vulnerabilidade: 2 puntos.
- Familias empadroadas en Gondomar: 12 puntos.
- Menores con grado de discapacidade recoñecido polo Organismo correspondente ($\geq 33\%$): 2 puntos.

6.3.- Situación económica

- Unidade familiar que non teña ingresos superiores a 3 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples vixente: 10 puntos.
- Unidade familiar que non teña ingresos superiores a 6,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples vixente: 5 puntos.
- Familias monoparentais ou familias numerosas dunha unidade familiar que non teña ingresos superiores a 10 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples vixente: 15 puntos.

En caso de empate na puntuación, adxudicarase a praza por orde de inscrición.

As listaxes provisionais e definitivas de persoas admitidas poderanse consultar nas dependencias do Centro de Información á Muller (CIM), de 8 a 14h, e no taboleiro de anuncios do Concello situado no edificio Escolas Vellas.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

Unha vez aceptada a praza, acudirase ás dependencias do CIM para recibir instrucións de pago. Efectuado o pago deberase presentar o xustificante no CIM, en caso contrario entenderase que se renuncia á praza.

7.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Solicitude de inscrición asinadas por ambas persoas proxenitoras ou titoras legais segundo o Anexo I.
- Autorizacións e observacións médicas segundo o Anexo II.
- Obrigas do campamento asinadas por ambas persoas proxenitoras ou titoras legais segundo o Anexo III.
- Fotocopia dos DNI de ambas persoas proxenitoras ou titoras legais.
- Fotocopia do libro de familia ou DNI do/a menor.
- Fotocopia dos DNI da persoas autorizadas á recollida do/a menor (sempre e cando secan persoas distintas dos proxenitores/as ou titores/as legais).
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a menor ou seguro médico privado.
- Volante de empadramento actualizado da unidade familiar (so no caso de tramitación electrónica).
- Xustificación da ocupación actualizada de ambas persoas proxenitoras ou titoras legais (fotocopia da última nómina, certificación de empresa, vida laboral ou calquera outra tipo de documentación que acredite dita situación, no caso de traballadores por conta allea; ou do último recibo do pagamento da cota á seguridade social no réxime especial de traballadores por conta propia, no caso de traballadores/as autónomos/as).
- Última declaración da renda dos membros da unidade familiar (2023) ou certificado de non declarante de renda.
- De ser o caso, certificado de familia monoparental.
- Informe social (so en caso de pertencer a colectivos vulnerables)

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875

DECRETO
Número: 2025-0522 Data: 08/04/2025

Cod. Validación: 3SMCWA7K3XENZOFGCGMGDEAF
Corrección: https://conciliodegondomar.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 24





Concello de Gondomar

Poderase presentar calquera outra documentación relevante sobre datos médicos (enfermidades, alerxias, medicación) ou situacións familiares que seca preciso coñecer para o bo desenvolvemento da actividade.

8.- PROCESO DE SELECCIÓN

7. Solicitud de inscrición do 11 ao 25 de abril.
8. Baremación das solicitudes e documentación segundo o previsto no punto 6 destas bases. A baremación farase nas instalacións do CIM polo persoal do departamento de Igualdade.
9. Publicación da listaxe provisional de persoas admitidas coas puntuacións obtidas o día 7 de maio. Poderanse consultar no taboleiro de anuncios do Concello ou nas dependencias do CIM.
10. Emenda de faltas ou presentación de documentación preceptiva do 8 ao 21 de maio.
11. Publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e de agarda, que seguirá a orde que resulte da baremación o 27 de maio.
12. Pagamento e presentación de xustificante do 28 ao 30 de maio, unha vez aceptada a praza ou prazas. Deberase acudir ao CIM para recibir as instrucións de pago.

9.- LISTAXE DE AGARDA

As vacantes que se produzan por renuncia, por non efectuar o pagamento no prazo establecido ou por calquera outro motivo, ofreceránselles as persoas solicitantes que figuren na listaxe de agarda tendo en conta a orde establecida.

As renuncias non se incluírán nesta listaxe.

Contactarase cas persoas suplentes por teléfono, realizándose 3 chamadas entre as 9 e as 14h. De non contactarse coa persoa interesada, esta será dada de baixa e chamarase á seguinte da lista.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875

DECRETO
Número: 2025-0522 Data: 08/04/2025

Cod. Validación: 3SMCWAPTK3X6NZQFCCGMDFA7
Corrección: <https://concellodegondomar.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 24





Concello de Gondomar

10.- RÉXIME DISCIPLINARIO

Coa finalidade de manter unha boas condicións de convivencia, de planificación e organización, poderán ser motivos de expulsión:

- Non asistir todo o mes de xullo, sen causa debidamente xustificada.
- Non cumprir co horario de entrada e saída.
- Non ter respecto polos compañeiros/as e monitores/as.
- Facer un mal uso da instalación ou dos materiais.

11.- DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS PARTICIPANTES

Dereitos:

- Participar nas actividades e empregar a instalación e material en condicións de igualdade.
- Recibir un tratamento respectuoso por parte do persoal.
- Ser informadas das actividades e circunstancias que lles afecten.
- Efectuar suxestións e reclamacións a través dos seus representantes legais.

Deberes:

- Asistir ao campamento todo o mes de xullo.
- Avisar con antelación ou mesmo día da non asistencia da persoa participante. Serán causas de non asistencia motivos de saúde ou outros debidamente xustificables.
- Facer un uso correcto das instalacións e material común.
- Seguir as instrucións realizadas polo persoal.
- Manter un tratamento respectuoso cara o persoal e o resto de participantes.
- Os/as representantes legais das crianzas, estarán obrigadas a atender as indicacións expresadas nun documento que será asinado e presentado xunto coa documentación no momento de solicitude.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

12.- PUBLICIDADE E PRAZO

A publicación das presentes bases, xunto coa correspondente convocatoria, realizarase no taboleiro do Concello e na páxina Web.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adoptan na súa execución, poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado si transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo tal como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses.

13.- PROTOCOLO SANITARIO DE APLICACIÓN

Gondoverán adaptarase ás medidas persoais de hixiene e prevención existentes no momento do seu desenvolvemento e, en xeral, as establecidas pola lexislación vixente na materia.

14.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En cumprimento co establecido na actual normativa de Protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable polo Concello de Gondomar, coa finalidade de levar a cabo a súa tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos, tal e como se explica na información adicional sobre protección de datos na páxina web www.concellodegondomar.gal no apartado de políticas de privacidade.

DECRETO

Número: 2025-0522 Data: 08/04/2025

Cod. Validación: 3SMCWAPTK3X6NZQFGCGMGDFA7
Corrección: <https://concellodegondomar.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 20 a 24

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

ANEXO I			
SOLICITUDE DE INSCRICIÓN PARA CAMPAMENTO URBANO GONDOVERÁN 2025			
DATOS DA/O MENOR 1			
DNI SOLICITANTE	NOME	PRIMEIRO APELIDO	
SEGUNDO APELIDO		DATA NACEMENTO	TALLA CAMISETA
DATOS DA/O MENOR 2			
DNI SOLICITANTE	NOME	PRIMEIRO APELIDO	
SEGUNDO APELIDO		DATA NACEMENTO	TALLA CAMISETA
DATOS DA/O MENOR 3			
DNI SOLICITANTE	NOME	PRIMEIRO APELIDO	
SEGUNDO APELIDO		DATA NACEMENTO	TALLA CAMISETA
DATOS DAS PERSOAS RESPONSABLES DOS/AS MENORES			
DNI PROXENITOR/A OU TITOR/A LEGAL 1	NOME	PRIMEIRO APELIDO	
SEGUNDO APELIDO	ENDEREZO		
LOCALIDADE	C.P.	TELÉFONO FIXO	
TELÉFONO MOBIL	ENDEREZO ELECTRÓNICO		
DNI PROXENITOR/A OU TITOR/A LEGAL 2	NOME	PRIMEIRO APELIDO	
SEGUNDO APELIDO	ENDEREZO		
LOCALIDADE	C.P.	TELÉFONO FIXO	
TELÉFONO MOBIL	ENDEREZO ELECTRÓNICO		
☐ FAMILIA MONOPARENTAL			
DOCUMENTACIÓN			
- Autorizacións a familiares e observacións médicas (Anexo II)			
- Obrigas do campamento (Anexo III)			

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

- Fotocopia dos DNI das persoas proxenitores ou titoras legais.
- Fotocopia do libro de familia ou DNI dos/as menores.
- Fotocopia dos DNI das persoas autorizadas á recollida dos/as menores (sempre e cando sexan persoas distintas dos pais ou titores/as legais).
- Fotocopia da tarxeta sanitaria dos menores ou seguro médico privado.
- Volante de empadramento actualizado da unidade familiar (so no caso de tramitación electrónica).
- De ser o caso, documentación xustificativa de familia monoparental.
- Xustificación da ocupación actualizada de ambos proxenitores ou titores (fotocopia da última nómina, certificación de empresa, vida laboral ou calquera outra tipo de documentación que acredite dita situación, no caso de traballadores por conta allea; ou do último recibo do pagamento da cota á seguridade social no réxime especial de traballadores por conta propia, no caso de traballadores/as autónomos/as).
- Última declaración da renda dos membros da unidade familiar (2023) ou certificado de non declarante de renda.
- De ser o caso, informe social (so en caso de pertencer a colectivo vulnerables)

Información sobre protección de datos: (Regulamento (UE) 2016/679 del 27 de abril de 2016 e Lei Orgánica de Protección de datos e garantía de dereitos dixitais, 3/2018): O Concello de Gondomar é o responsable do tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de tratar os datos necesarios para a xestión e prestación de servizos para o Gondoverán, baixo a lexitimación do RGPD, art. 6.1a) Consentimento do interesado, 6.1d) para protexer intereses vitais do interesado ou doutra persoa física e 6.1e) por unha misión de interese público o exercicio de poderes públicos. Lei 7/1985, Reguladora das Bases de réxime local. Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Os seus datos poderán ser cedidos e tratados por Organizacións ou persoas directamente relacionadas co responsable, á Administración Pública con competencia na materia, outros Organos da Administración Pública, a Entidades aseguradoras e sanitarias,...Asístenlle os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, potabilidade e limitación que poderá exercer nas nosas oficinas ou no e-mail: rexistroxeral@concellodegondomar.gal. Dispón da información adicional e detallada sobre Protección de Datos na nosa Web www.concellodegondomar.gal no apartado de

☐ AUTORIZO ☐ NON AUTORIZO Ao Concello de Gondomar para que capte e publique as imaxes e vídeos, a título gratuito, durante o desenvolvemento das actividades organizadas polo CIM en GONDOVERÁN e nas que puidera aparecer identificada os/as menores indicado, as cales poderán ser publicadas na web municipal e nas redes sociais nas que o Concello difunde as súas actividades, concretamente Facebook, Twitter e YouTube, así como a medios de comunicación. Esta publicación ten finalidade informativa, educativa e non lucrativa e todos os contidos serán previamente filtrados para respectar as estipulacións da Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e toda lei actualizada de Protección ao Menor.

☐ AUTORIZO ☐ NON AUTORIZO A Gondoverán a trasladar aos meus fillos/as a diferentes lugares con motivo da execución de actividades fóra do recinto .

☐ AUTORIZO ☐ NON AUTORIZO O tratamento dos datos especialmente protexidos que se faciliten e a súa cesión segundo o referenciado e posible casa de urxencia médica.

Sobre estas autorizacións poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación, ante o responsable do ficheiro: Concello de Gondomar en Praza Doutor Latino Salgueiro, nº1, 36380 Gondomar (Pontevedra) ou en rexistroxeral@concellodegondomar.gal achegando en ambos casos copia do seu DNI para verificar a titularidade dos seus datos.

Datos a cubrir polo persoal do departamento do Padrón municipal
(En caso de presentar solicitude no Rexistro Xeral)

Unidade familiar empadroada Si ☐ Non ☐

SINATURAS DAS PERSOAS PROXENITORAS OU TITORAS DOS/AS MENORES
(Ambos proxenitores/as ou representantes legais)

Gondomar , de de 2025

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

ANEXO II AUTORIZACIÓNS FAMILIARES E OBSERVACIÓNS MÉDICAS GONDOVERÁN 2025

DATOS DO/A MENOR 1

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
DATA NACEMENTO		IDADE

DATOS DO/A MENOR 2

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
DATA NACEMENTO		IDADE

DATOS DO/A MENOR 3

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
DATA NACEMENTO		IDADE

OBSERVACIÓNS MÉDICAS

Sobre necesidades especiais de atencións, enfermidades ou alerxias ou calquera outra que desexa facer con referencia ao coidado do/a menor/es:

Autorización de persoa/s para a recollida do/a menor ou menores:

_____	DNI	_____
_____	DNI	_____

Información sobre protección de datos: (Regulamento (UE) 2016/679 del 27 de abril de 2016 e Lei Orgánica de Protección de datos e garantía de dereitos dixitais, 3/2018); O Concello de Gondomar é o responsable do tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de tratar os datos necesarios para a xestión e prestación de servizos para o Gondoverán, baixo a lexitimación do RGPD, art. 6.1a) Consentimento do interesado, 6.1d) para protexer intereses vitais do interesado ou doutra persoa física e 6.1e) por unha misión de interese público o exercicio de poderes públicos. Lei 7/1985, Reguladora das Bases de réxime local. Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Os seus datos poderán ser cedidos e tratados por Organizacións ou persoas directamente relacionadas co responsable, á Administración Pública con competencia na materia, outros Órganos da Administración Pública, a Entidades aseguradoras e sanitarias,...Asístenlle os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, potabilidade e limitación que poderá exercer nas nosas oficinas ou no e-mail: rexistroxeral@concellodegondomar.gal. Dispón da información adicional e detallada sobre Protección de Datos na nosa Web www.concellodegondomar.gal no apartado de políticas de privacidade.

SINATURA DAS PERSOAS PROXENITORAS OU TITORAS DO/A MENOR OU MENORES

Gondomar, de de 2025

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





OBRIGAS DOS ADXUDICATARIOS/AS DO CAMPAMENTO URBANO GONDOVERÁN 2025

OBRIGAS DOS ADXUDICATARIOS/AS

- **Máxima puntualidade** na entrada e recollida do/a menor ou menores
- Asistir **todo o mes de xullo**
- **Avisar con antelación** ou no mesmo día a **non asistencia** do/a neno/a ou nenos/as. Serán causas de non asistencia motivos de saúde ou outros debidamente xustificables
- **Acudir almorzados** da casa
- O/a neno/a ou nenos/as traerá unha **merenda saudable** da casa
- **Cumprimento de medidas persoais de hixiene e prevención** existentes segundo a lexislación vixente na materia
- Traer da casa só o necesario para a participación nas actividades do campamento:
 - o Estoxo
 - o Goma de borrar
 - o Lapis
 - o 1 Caixa de 12 cores de ceras ou rotuladores

O incumprimento destas obrigas por parte dos/as participantes suporá o toma de medidas oportunas por parte da organización, reservándose o dereito de expulsión se se considera necesario.

ACEPTO as obrigas establecidas para Gondoverán 2025

Sinaturas das persoas proxenitoras ou titoras do/a menor ou menores

Gondomar, de de 2025

DECRETO

Número: 2025-0522 Data: 08/04/2025

Cod. Validación: 3SMCWAPTK3X6NZQFGCGMGDFA7
Corrección: <https://iconcellogondomar.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 24



